

Moción para unha resolución sobre o teito do petróleo no Concello de Teo e a necesidade de adoptar medidas municipais en materia de control de consumo e impulso no emprego de enerxías renovables

O Grupo de goberno, preocupado pola actual situación mundial -pero tamén local- de recesión económica e consciente da **imposibilidade dunha recuperación económica real sen os recursos enerxéticos suficientes** -imposibilidade da que veñen advertindo os principais organismos internacionais como a Axencia Internacional da Enerxía, o Comisario de Enerxía da UE Andris Piebalgs, economistas como Xoán Ramón Doldán García, quen fora director do Instituto Enerxético de Galiza, científicos como os membros de ASPO (Asociación para o Estudo do Teito do Petróleo e do Gas) e colectivos sociais que tentan concienciar sobre a cuestión da futura escaseza enerxética como AEREN (Asociación para el Estudio de los Recursos Energéticos) ou a asociación galega Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo-, e tras analizar os informes facilitados por estes colectivos, fai diante do Pleno as seguintes

CONSIDERACIÓNS:

- **Non é posible o crecemento económico sen dispoñer da suficiente enerxía para mover a economía.**
- Máis da metade da enerxía primaria que se utiliza en Galiza é petróleo.
- O 100% do petróleo que se utiliza en Galiza é importado.
- A produción mundial de petróleo chegará de contado (algúns expertos apuntan a que xa chegou a mediados do ano 2008) ao seu nivel máximo (*cénit* ou *teito*) e a partir de aí entrará nun período de irreversible declive, na que **os prezos do petróleo e de todos os seus produtos derivados só poderán aumentar.**
- O gas natural algúns anos despois seguirá o mesmo proceso, igualmente irreversible.
- **A agricultura e gandería** convencionais son altamente dependentes do petróleo e do gas natural, dos que dependen a mecanización, a irrigación, o fertilizado, os pesticidas, a produción industrial de pensos, o muxido mecanizado, a distribución do leite e outras producións, etc.
- A práctica totalidade das **industrias e sectores económicos** son tamén dependentes directa ou indirectamente do petróleo. Directamente, como combustible ou como materia prima: plásticos, produtos petroquímicos, etc. E indirectamente ao depender de insumos e materiais que son transportados principalmente por estrada, en ocasións desde centos de quilómetros.
- **O comercio** é igualmente vulnerable precisamente por iso: a maioría dos compradores desprázanse usando combustibles fósiles aos centros comerciais, moitas veces noutros concellos, a mercaren produtos fabricados en lugares lonxanos e distribuídos por avións, estrada, barco... todos eles medios de transporte dependentes ao 100% do petróleo.
- **A economía deste Concello**, sustentada nos sectores terciarios e secundarios pero tamén nunha pequena actividade agrogandeira, **é polo tanto altamente dependente dos combustibles fósiles e vulnerable á súa escaseza.**
- **O transporte en automóbil**, base da mobilidade privada en Galiza, é dependente ao 100% do petróleo. Unha parte importante dos traballadores do Concello que se deben desprazar para acudir ao seu traballo en Compostela usa este medio de transporte, ante o deficiente funcionamento do Transporte Comarcal en cuestións tais como a unificación tarifaria, a despenalización dos transbordos, a información e o aumento das frecuencias.
- **O modelo territorial do Concello**, tanto no rural como nas áreas urbanas e periurbanas, é altamente dependente do vehículo privado alimentado por derivados do petróleo, polo que a mobilidade da nosa poboación tamén depende case totalmente deste produto, así como o transporte de todo tipo de mercadorías precisas para o consumo particular, para o

funcionamento das empresas e dos servizos municipais.

- Os informes de alto nivel encargados pola administración dos EE.UU. sobre o impacto que vai ter o teito de petróleo concluíron que **era preciso iniciar con 20 anos de anticipación** ao mesmo as transformacións socioeconómicas que evitaren graves impactos na sociedade e na economía. Se o teito se produciu no 2008 ou se vai producir nos vindeiros anos, é claro que non podemos demorar máis a toma de medidas porque partimos xa dun retraso de dúas décadas.
- As reservas de petróleo de emerxencia das que dispón o goberno español son tan só do equivalente ao consumo español de 90 días.
- **Nin Galiza no seu conxunto nin ningún dos seus concellos están aínda minimamente preparados para quedaren nun periodo de tempo de poucos anos sen a maior parte da súa enerxía** (ou sen a súa práctica totalidade, se ollamos só o transporte).
- O modelo económico, alimentar, enerxético e de transporte da **nosa sociedade é absolutamente dependente** da dispoñibilidade dun subministro permanente e ilimitado de petróleo barato. E polo tanto dependente do exterior.
- Esa *Era histórica do petróleo barato* chegou á súa fin (e así o confirmou o director da Axencia Internacional da Enerxía o día 01/12/2008) e isto é algo irreversible e de **consecuencias inminentes unha vez se recupere a demanda enerxética, agora diminuída pola Recesión mundial**.
- Ao esgotamento da cantidade de petróleo, súmase a crecente dificultade e custo para a súa extracción, refinado e distribución, que ten feito que a **taxa de rendemento enerxético**, é dicir, a cantidade de enerxía que podemos obter do petróleo por cada unidade de enerxía empregada na súa produción, veña diminuindo desde os comezos da *Era do Petróleo*. Nos últimos anos a tendencia decrecente deste rendemento enerxético está a caer de maneira constante e tanto a industria como os científicos coinciden en recoñecer este feito. De continuar a tendencia, para **2015** é posible que xa non compense enerxeticamente producir máis petróleo, pois costará tanta enerxía como a que se obtén del.
- É moi probable que mesmo nos países chamados *ricos* se produzan situacións de escaseza e conflitos importantes a nivel social como consecuencia desta situación.
- **A substitución do petróleo cos actuais niveis de consumo, sobre todo no transporte, é inviable** e ademais tentalo supón problemas medioambientais engadidos, se se tenta facer con petróleos pesados, agrocombustibles ou con carbón.
- Outras enerxías como a nuclear non son desexables polos riscos que implican e tampouco poderían achegar solucións a tempo, que así e todo serían moi parciais, pois se precisan máis de 10 anos e uns investimentos maiúsculos para construílas.
- O hidróxeno tampouco ofrece solucións pois precisa apoiarse noutra fonte enerxética para a súa produción e precisa de infraestruturas de distribución que levaría demasiado tempo, diñeiro e enerxía poñer en marcha, ademais de precisar a transformación importante de todos os vehículos de motor.
- Aínda que **un futuro sostible só pode estar baseado nas enerxías renovables**, estas non poden fornecer suficiente enerxía a tempo para substituír ao petróleo, nin existe o financiamento nin a enerxía precisa a día de hoxe para poñer en marcha unha masiva introdución das mesmas en todos os niveis sociais.
- **A biomasa e os agrocombustibles** poden contribuír nesa dotación enerxética do futuro, pero só en certas condicións e sempre que non compitan coa alimentación humana e coa fertilidade do solo, non resultando tampouco substitutos suficientes do petróleo.
- Como consecuencia da escaseza, os prezos serán moi volátiles e a tendencia irreversible é á alza. O impacto que no 2008 tivo para a economía un barril de petróleo a 150 dólares, fainos imaxinar cal podería ser o impacto de prezos moito maiores, previsibles a medio e longo prazo, sobre todo se a recuperación económica se comeza producir e volve medrar a demanda de combustibles. Segundo cada vez máis analistas os prezos chegarán aos 200 dólares/barril en moi poucos anos.
- Chegado o momento, é seguro que os esforzos do sector privado para se transformar e adaptar

ás novas circunstancias chegarán demasiado tarde. Xa que logo faise precisa a intervención anticipada das Administracións Públicas para previr o caos social e económico e para asegurar o mantemento do máximo benestar posible aos cidadáns.

- Existen case **200 experiencias xa a nivel municipal no mundo que recoñecen e afrontan este panorama** con medidas transversais e verdadeiras estratexias de declive enerxético, e en case todos os casos contando coa máxima participación social, baixo diversos nomes como *Cidades en Transición*.
- Xa que loitar por reducirmos a nosa dependencia do petróleo debe pasar loxicamente por reducirmos paulatinamente o noso uso de combustibles derivados del, axudará de paso a **loitarmos contra a mudanza climática e á mellora da economía** de empresas e particulares, así como das arcas públicas, por vía do aforro en gastos derivados dese consumo.

e consecuentemente, propoñemos ao pleno a adopción do seguinte acordo:

- **Recoñecermos** como administración a gravidade da cuestión do teito do petróleo e a necesidade de adoptar medidas que conduzan a afortalar o noso concello para resistir as súas consecuencias, tanto no plano social como económico e dos servizos públicos.
- Realizar os contactos precisos para a **constitución en colaboración coa concellalía de medioambiente dun comité técnico** na materia, para a realización dun **estudo da vulnerabilidade** de todos os aspectos da vida do concello fronte a esta ameaza, e colaborar cos recursos ao alcance do concello na elaboración do estudo.
- Estudar a aplicabilidade das **medidas adoptadas noutros lugares do mundo** por concellos de características análogas.
- Integrar todas estas accións nun **Plan de Transición Enerxética Local** que teña como obxectivo evitar na maior medida posible os impactos para os veciños, as empresas e a propia administración local de Teo dunha carencia de petróleo barato, avaliando e reducindo a nosa dependencia do petróleo en todas as áreas, nomeadamente na alimentar, e camiñando con decisión cara unha economía sostible no noso municipio.
- **Informar** desta cuestión aos nosos veciños e empresas e invitalos a participar na elaboración do devandito Plan.
- **Comunicar aos demais concellos galegos a través da FEGAMP** a nosa resolución, convidando aos mesmos a adoptar similares medidas e a cooperar para a adopción de estratexias comúns a nivel galego.
- **Solicitar dos parlamentos galego e español** que constitúan grupos de estudo multidisciplinares para analizar a vulnerabilidade que a eses niveis existe e para deseñar medidas no menor tempo posible, como se ten feito noutros países como Suecia, Irlanda, Escocia e Australia.

En Teo a 18 de Agosto de 2009.

Martiño Noriega
Alcalde de Teo.